

1. Comparación con metáfora.

Texto modelo

A IGREXA FRÍA

Por cima dos agros,
Do monte no medio,
Levántase aínda
Hidrópico e negro,
Cal xigante hipopótamo morto,
De vermes cuberto,
Rodeado de tréboas e gramas,
O lombo deforme do vello mosteiro.

Das torres as rexas
Agullas de ferro,
Queixarse parecen
Da marcha dos tempos;
E decote paradas e inmóbres,
Semellan os dedos
Dunha mau de Titán que anda en busca
Do raio que tarda das iras do ceo.

Dende a alta campana
Cai inda en anelos
A forte cadea
Con triste bambeo.
Cando á posta do sol, das montañas
Azótana os ventos,
Unha serpe arromeda encantada
Que garda as ruínas fungando e tecendo.

(...)

Curros Enríquez: *Aires da miña terra*

Obxectivo

A poesía social anterior ao s. XX tamén pode ser audaz no uso da imaxe, como mostra este inicio do poema “A igrexa fría”. Nel descríbese un mosteiro e para cada elemento escollido (o tellado, o reloxo, a cadea do campanario) emprégase unha comparación (mediante *cal*, *semellan* e *arromeda*) que á súa vez é a base dunha metáfora integrada (*vermes*, *iras do ceo*, *fungando e tecendo*).

Practicamos, entón, a inclusión da metáfora nunha comparación.

Indicacións

- Escolle un espazo físico que represente unha entidade que se poida pór en cuestión (un banco, un cárcere, etc.)
- Determina que elementos externos (dous como mínimo) son significativos e poden ser descritos (un letreiro, unhas columnas...).
- Sitúaos en estrofas diferentes e incorpora unha comparación animalizadora para cada elemento. Podes empregar os mesmos nexos que Curros ou outros (*como*, *cal*, *semella*...).
- Identifica algunha parte ou algunha acción propia do animal que usaches en cada comparación para identificala -esa parte ou acción- con outra realidade (a duplamente imaxinaria). Integra cada unha desas metáforas no enunciado comparativo correspondente.

2. Proximidade desde o prosaísmo

Texto modelo

Xan de Deza, bon labrego,
que deixache tanta sona
nas Castillas,
onde, manso boi gallego,
fuche a gala, a fror e a tona
das cadrillas.

Mau de ferro, brazo forte,
fouce de ouro a máis lucida,
rei da sega,
que sin medo algún da morte
te afanache toda a vida
na refrega.

Xornaleiro que aforrache
máis que toda a freguesía,
traballando;
que de teu a ter chegache
unha terra regantía,
carro e gando.

Triste paria que, por termo
dun vivir curvado e combo
sobre a aixada,
tópaste hoxe probe e enfermo,
e a pedir cun fol ó lombo
pola estrada.

(...)

Curros Enríquez: *Aires
da miña terra*

Obxectivo

Para obxectivizar a desgraza ou a inxustiza, non é infrecuente que se rexistren os feitos con formas de xéneros sociais coñecidos (unha carta, un informe, unha noticia...). Un dos exemplos máis claros é "[Celsa R. I. aforcouse en xulio do 74](#)", de Luis Seoane, que parte dun feito noticiábel para amosar pasaxes clave na vida da protagonista, mais contén tamén lirismo ao subliñar as causas con interrogacións retóricas ou con enumeracións paralelísticas. Outro caso é "[Contribución ao plan de desenrolo económico](#)", de Celso Emilio Ferreiro.

No texto de Curros que se achega, hai un discurso dialóxico e panexírico (propio da oratoria) dirixido a un traballador que acaba empobrecido. E, de xeito semellante aos anteriores poemas, procúrase a proximidade co que sofre e a presentación dos feitos con formas obxectivas. Iso é o que pretendemos facer agora.

Indicacións

Crea un texto poético a partir dunha nova social de actualidade coidando que conteña os trazos que se observan nos vistos. Procede así:

- Localiza e extrae unha noticia de actualidade con interese social (por exemplo, a nova dun suceso significativo, dunha vítima da guerra, etc.)
- Reduce a noticia -por exemplo, subliñando- aos datos básicos acompañados dalgún detalle relevante.
- Bosquexa dúas perspectivas do suceso: unha en terceira persoa (3ª p.), cos feitos mínimos como nun rexistro documental, outra recreando a escena e con apóstrofe dirixida ao protagonista.
- Desde esa segunda perspectiva, profunda nas causas dos feitos coa inclusión de lirismo: interrogacións retóricas, enumeracións, acumulación de imaxes ou o que estimes máis axeitado.
- Combina os diferentes discursos para mostrar o sufrimento.

3. Palabras que resoan

Texto modelo

(...)

¿Que demos acontece nesta aldea?...
¿Cal foi das sete pragas
a que eiquí descargou, matando a súa
xovialidade sana?...

Cravado por tres cravos baixo a copa
do cipreste da entrada,
calquera pode ler este letreiro:
"Hai *escribano e capellán* en Cangas".

Curros Enríquez: *Aires
da miña terra*

Obxectivo

A escolla das palabras nos textos poéticos non é casual e o significante chega a estar provocado polo significado. No fonosimbolismo repítense fonemas co fin de evocar as sensacións reais que se nos están a comunicar. Por exemplo, no "[Poema nuclear](#)", de Celso Emilio Ferreiro, é evidente o dominio en certos versos dos fonemas bilabiais evocadores da explosión que explicita xa a onomatopea "bong!" e que remite ao tema do texto.

No fragmento de Curros Enríquez da marxe, as consoantes oclusivas, especialmente cando aparecen combinadas co fonema vibrante, parecen imitar as marteladas que fixaron o letreiro fatal que anuncia a presenza dos que deixan sen bens os aldeáns.

Indicacións

Constrúe ti un poema que "resoe" seguindo estes pasos:

- Pensa no ruído característico dun obxecto lesivo que represente o poder, a destrución bélica ou a inxustiza, sobre o que irás centrar o texto. Olo, debe ser o ruído que fai ese obxecto per se ou ao ser empregado.
- Procura ou crea unha onomatopea que o recolla dalgún xeito.
- Logo asocia ese ruído cunha vogal ou consoante e procura palabras nas que apareza de maneira reiterada. Por exemplo, se for o /r/ > percorrer, rubor, rubir, arrepiar...
- Compón unha serie de versos referidos ao obxecto e ao seu uso empregando maioritariamente eses termos. Incorpora tamén a onomatopea.

4. SOS ante o poema

Texto modelo

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.

Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virme a erguer,
el xa non me pousará.

¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soiña te hei de cear.

Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soidás.

O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime onde está.

Rosalía de Castro: *Follas Novas*

Obxectivo

As accións cotiás son fundamentais para concretar as vivencias. Fíxate no que deixou escrito nas redes a escritora palestina Heba Abu horas antes de ser asasinada en Gaza baixo as bombas israelís: "A noite na cidade é escura, agás polo brillo dos mísiles; silenciosa, a non ser polo son do bombardeo; aterradora, excepto pola promesa tranquilizadora da oración; negra, salvo pola luz dos mártires."

Rosalía soubo amosar os traballos e angueiras que soporta en soidade o falante lírico, así como as mensaxes de afiximento que partilla na rede de relacións que mantén: a natureza que a rodea. Sabes pórtelo na pel de quen sente a soidade?

Indicacións

1. Escolle unha persoa que represente as vítimas dunha situación social inxusta: un neno ou nena palestina, unha moza sometida ás redes de prostitución, unha persoa que pretende cruzar o valo de Melilla, un parado sen subsidio...
2. Pensa cal será a perda que máis lle está a afectar na súa vida: a familia, a liberdade, o traballo...
3. Fai unha listaxe de accións cotiás que lle fan lembrar esa perda.
4. Expresa a vivencia desas accións en 1ª persoa, con inicio verbal nos dous primeiros versos e con formas paralelísticas. Por exemplo, para unha nena nun país en guerra poderíamos comezar así:

*Esperto espantada na noite,
aférome espantada contra os ferros,
co pánico galopando vexo o día,
co pánico que se instala no alento.*
5. Terás así a base do teu poema. A partir dela, desenvolve unha escena con notas descritivas, apóstrofes a elementos do contorno e reaccións do falante lírico.

5. Con zoom ao interior

Texto modelo

As dúas pragas

Baixo dun **ceo** promizo e bretemoso
unha negra **montana**;
baixo a montana negra, unha **curtiña**
de árbores decotada;
pacendo na curtiña, media ducia
de **ovellas** esfameadas;
e celosas gardando esas ovellas,
murchas, tristes, da aldea as catro **casas**.

Dentro de cada casa, unha **cociña**
escura i afumada;
dentro cada cociña, unha **fogueira**
que o vento frío apaga;
xunto cada fogueira, cavilosa,
unha **testa** incrinada;
dentro de cada testa, un **pensamento**
de prúsima fuxida, ou de venganza...

¿Que acontece na aldea? Antes de agora
vina, i alegre estaba;
nela todo era festas e trouleos,
e bailes e fiadas;
nos campos escoitábanse as degrúas
dos sachos i as eixadas;
nos fogares as frescas harmonías
das risas e dos bicos que estralaban.

¿Que demos acontece nesta aldea?...
¿Cal foi das sete pragas
a que eiquí descargou, matando a súa
xovialidade sana?...
Cravado por tres cravos baixo a copa
do cipreste da entrada,
calquera pode ler este letreiro:
"Hai *escribano* e *capellán* en Cangas".

Curros Enríquez: *Aires
da miña terra*

Obxectivo

No poema da marxe chama a atención de principio un recurso ao estilo da concatenación: non hai reduplicacións estritas mais si se van recollendo realidades citadas no verso anterior ou versos previos. Porén, a cuestión é que tal recurso contribúe a crear un achegamento en modo zoom desde o ceo aos pensamentos dos habitantes da aldea. Un recurso máis propio das artes (audio)visuais que incorpora con efectividade Curros, pois ademais enfoca sempre os trazos de caída e escuridade.

É claro, daquela, que a proposta é representar verbalmente ese movemento de cámara de xeito igualmente incisivo.

Indicacións

Emprega -de xeito flexíbel- a concatenación para mostrar un achegamento ao interior da mente dunha persoa que resiste unha situación (desde un alumno na aula ata unha persoa prisioneira de guerra). As indicacións son así de sinxelas:

- Comeza con "Baixo dun ceo".
- Remata no pensamento da persoa.

6. Hiper(para)bólico desde aquí e agora

Texto modelo

Este vaise i aquel vaise
E todos, todos se van,
Galicia, sin homes quedas
Que te poidan traballar.

Tes en cambio orfos e orfas
E campos de soledad,
E nais que non teñen fillos
E fillos que non têm pais.

E tes corazóns que sufren
Longas ausencias mortás,
Viudas de vivos e mortos
Que ninguen consolará.

Rosalía de Castro: *Follas novas*

Obxectivo

A emigración afecta hoxe á xente nova e máis formada e pode ser denunciada de igual xeito que fixeron Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro.

Fíxate no texto da marxe no emprego da hipérbole e do paradoxo para pór de relevo a dimensión do éxodo. Deberás usar eses dous recursos na túa creación.

Indicacións

Neste caso a axuda é un exemplo de texto crítico co papel reservado á xuventude que ten que saír do país para traballar no seu e vivir con dignidade.

*Vestíronnos de aventura
para o gran parque de distraccións do futuro.
Cubriron con metalizado aeronáutico
o camiño de medo milenario que sempre rodea
as costelas.
Seica presta deixar a chuvia necesaria, din.
Pero sentimos como preme a palma de papel
aceiro que empurra fóra do recinto...
Sabemos que están todas as portas pechadas
para dicir quen somos.
Mais chegou a hora de esfarrapar roupa e medo
e dicir aquí somos. Todas.*